



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “DA AUGA E DA PEDRA” (GUITIRIZ-LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
20-31/07/2019	18-30	Internacional	Festival, Cultural e gastronómico	20

### LOCALIZACIÓN

O concello está situado na comarca da Terra Chá e pertence á provincia de Lugo. Limita ao norte co concello de Monfero e Xermade, ao sur con Friol e Sobrado dos Monxes, ao oeste con Curtis e Aranga e ao leste con Vilalba e Begonte.

Ten unha poboación de máis de 5000 habitantes repartidos en 18 parroquias.

Guitiriz está a unha distancia de 32 qm de Lugo, 72 qm de Santiago de Compostela e a 52 qm de Coruña. Desta maneira ten o servizo aeroportuario a unha media hora.

Presenta un clima atlántico, característico da costa, adquirindo aquí matices continentais que se traducen nunha acusada oscilación térmica e de rango de precipitacións entre o inverno e o verán.

A Terra Chá é un dos mellores exemplos da paisaxe rural galega. Debido á unha orografía cun relevo suave e as características do clima, esta comarca é idónea para o desenvolvemento de parcelas de herba regadas por unha ampla rede hidrográfica. Dominan as formas suaves, próximas á horizontalidade, con elevacións de pequena dimensión e vales tendidos polos que discorren ríos en curso lento. Como consecuencia do dominio dos usos agrarios, esta comarca é un paradigma da Galicia verde

Das montañas limítrofes proceden os ríos que forman os vales fluviais, aportando unha riqueza hidrográfica á planicie que se traduce na presenza de numerosos humidaes, brañas e lagoas.

Esta área preserva unha das mellores representacións de bosques de galería da Rexión Atlántica da Península Ibérica, con formacións arbóreas dominadas polo ameneiro (*Alnus glutinosa*) que actúan como paraugas dunha gran diversidade de especies de flora e fauna silvestre.

### DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

No Concello de Guitiriz celébranse a **Feira de artesanía callos e canteiría** e a **Festa da torta de millo**. Dúas celebracións onde se pode gozar da música e cultura tradicional galega.

Os participantes do Campo de Voluntariado colaborarán cos voluntarios locais encargados da organización, xestión e desenvolvemento, ademais realizarán acción voluntarias destinadas a unha maior concienciación ambiental dos asistentes.

Os voluntarios participarán activamente e gozarán das actividades programadas polas organizacións. Terase en conta as súas valoracións e suxestións de mellora para vindeiras edicións. Favorecerase a exposición e expresión da cultura dos seus países, favorecendo e potenciando as habilidades grupais e de cada voluntario en particular.

Previamente á celebración dos festivais encargaranse de eliminar as especies vexetais exóticas invasoras dos lugares de celebración, para evitala súa dispersión durante a celebración dos festivais. Ademais se eliminarán do concello os puntos de maior concentración de especies exóticas invasoras que poden actuar como puntos críticos de dispersión poboacional das mesmas.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Visita a lugares de interese de Guitiriz e Terra Chá.
- Baño nas piscinas municipais.
- Realización de seminarios e obradoiros con temática ambiental
- Visita ás cidades de Lugo e Coruña.
- Realización de rutas de sendeirismo.

### COMO CHEGAR

**Por avión:** ([www.aena.es](http://www.aena.es)). Tfno.: 902 404 704 Aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela. Tfno.: 981 547 501 Aeroporto de Alvedro (A Coruña). Tfno.: 981 187 200 Aeroporto de Peinador (Vigo). Tfno.: 986 268 200

### Por estrada:

- Servizo A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo, Empresa MONBUS ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)). Tfno.: 902 292 900  
 Compañía Autos Vázquez. Tfno.: 981 254 145  
 Compañía Aucasa. Tfno.: 981 588 811

### Estacións de autobuses:

A Coruña. Tfno.: 981 184 335  
 Lugo. Tfno.: 982 223 985  
 Santiago de Compostela. Tfno.: 981 542 416  
 Vigo. Tfno.: 986 373 411 ([www.vigobus.com](http://www.vigobus.com))  
 Ourense. Tfno.: 988 216 027  
 Ferrol. Tfno.: 981 324 751

### Por tren:

RENFE ([www.renfe.es](http://www.renfe.es)). Tfno.: 902 240 202

### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “DA AUGA E DA PEDRA” (GUITIRIZ-LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
20-31/07/2019	18-30	Internacional	Festival, Cultural e gastronómico	20

Os/as participantes estarán aloxados no edificio do SENPA do Concello de Guitiriz.

### INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16:00 h na Casa do Concello de Guitiriz.

### COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. AS persoas posuidoras do carné xove, de familia numerosa ou de familia monoparental, OITENTA E DOS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50€**)

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de traballo. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, no seu caso.

### EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- Tapóns dos oídos para durmir.
- Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo Rroupa: de deporte (suadoiros...), de

baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo (zapatillas, botas de montaña...).

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

[www.facebook.com/xuventude.net](http://www.facebook.com/xuventude.net)

Servizo de Xuventude en Lugo. Tfno.: 982 294 599

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

[www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es). Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es). Portal de información turística de Galicia

[www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com) Información sobre o concello de Guitiriz, situación, turismo, transportes, accesos